

## INFORME DE NECESIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O Concello de Cambados precisa da contratación dun servizo de xestión laboral para a asistencia e asesoramento na realización e redacción de trámites laborais e de relación coa Seguridade Social que son prescritos polas disposicións legais que son de aplicación.

As citadas actuacións deberán realizarse de forma coordinada e baixo a supervisión dos técnicos municipais, o cal permitirá centrarse en potenciar as súas facultades de informe e fiscalización que en cada caso correspondan, permitindo unha xestión máis áxil e eficaz.

A entidade da plantilla do Concello de Cambados, unida ás contratacións temporais que se levan a cabo cada ano en virtude de plans estatais e autonómicos e ás maiores esixencias expostas pola administración electrónica na xestión laboral e de Seguridade Social, incrementaron a carga e a complexidade na xestión laboral do Concello.

De igual forma a entrada en vigor da Lei 20/2021 do 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo esixirán da realización de actuacións extraordinarias por parte do persoal municipal para as que tamén se estima oportuno contar co servizo a contratar

Este cúmulo de circunstancias fai máis difícil atender a estas circunstancias coa dimensión da plantilla existente e aconsella contar cun equipo especializado e interdisciplinar de apoio que redunde na mellora da xestión municipal e a adaptación aos cambios normativos aprobados.

Débese ter en conta, ademais, a escaseza de persoal de perfil técnico no cadro de persoal e as limitacións existentes para repórter efectivos nas sucesivas leis de orzamentos que incidiron no déficit advertido.

Non se considera axeitada a división en lotes do contrato ao considerarse unha prestación de carácter intelectual que, pola súa natureza, esixe a intervención dun equipo cunha unidade de criterio.

O que se pon de manifesto e xustifica en cumprimento dos artigos 28 e 116.4 da Lei de contratos do sector público.



Cambados. (Asinado dixitalmente)

Praza do Concello, 1 \* 36630 - CAMBADOS \* Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 \* Fax: 986-52.48.66 \* Nº Rexistro Entidades Locais: 01360062 \* C.I.F.: P-360060



Cod. Validación: 769FGZNJ9SARH4CCFPQZ7WYTJY | Corrección: <https://cambados.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2